



Área / Unidad PARTICIPACION CIUDADANA PC1100 C.V.V	Documento 2381AI01U5	
Código de verificación 	Expediente 238/2026/263	
4624 6451 2I5H 3N0T 11ES	Fecha 15-09-2026	

BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA 2026 DO PROGRAMA EDUCATIVO "ANTENAS DE INFORMACION XUVENIL" PARA O CURSO ESCOLAR 2026/2027

1.- OBXECTO E CONTIDO

1.1.- O Concello da Coruña, a través da Concellaría da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade convoca o programa educativo “Antenas de Información Xuvenil (AIX)” para o curso escolar 2026/2027, dirixido aos centros de ensino públicos e concertados que imparten ESO e Bacharelato, IES, CFP, a Escola Oficial de Idiomas, a Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e o Conservatorio Profesional de Música, entre outros.

1.2.- O programa “Antenas de información xuvenil” presenta os seguintes obxectivos:

- Conectar os diferentes Espazos municipais de información xuvenil da cidade (EIX Fórum Metropolitano, EIX Ágora, EIX Naves Metrosidero) coa mocidade a través da creación de pequenas sucursais dos EIXs nos centros de ensino, denominadas “Antenas”.
- Fomentar a creación de accións de información e dinamización da información xuvenil desde os centros de ensino coa presentación de proxectos denominados “proxectos de natureza singular”.

1.3.- O funcionamento do Programa está baseado na participación de tres elementos fundamentais:

A.- Os Centros Educativos, que deberán:

- Asinar un acordo de incorporación ao Programa de Antenas de Información Xuvenil.
- Habilitar os espazos e os recursos do centro educativo que consideren de interese para o proxecto.
- Designar a unha persoa titora responsable para o apoio da/s Antena/s no centro e para a interlocución cos Espazos de Información Xuvenil.

B.- Os Espazos de Información Xuvenil da cidade, que deberán:

- Proporcionar cada semana a información de interese para o mantemento dos puntos informativos e os soportes dixitais das Antenas.
- Asesorar nas súas tarefas ás “Antenas” e as persoas titoras responsables en cada centro.
- Facer o seguemento do proxecto durante todas as fases do seu desenvolvemento.

C.- As Antenas de Información Xuvenil, que deberán:



Concello da Coruña

- Actualizar con carácter semanal o Espazo informativo e as canles dixitais de información.
- Estar en comunicación permanente coa coordinación do Programa e a persoa titora no centro educativo.
- Cumprir co resto de compromisos adquiridos ao incorporarse ao programa.

1.4.- Hai dúas liñas de participación dun centro escolar no Programa:

- a) Presentando candidaturas do alumnado de maneira individual ou conxuntas (ata 2 persoas) para desenvolver a tarefa de “Antenas”.

Cada “Antena” comprende:

-Un espazo físico no centro educativo onde se difundirá a información de interese xuvenil proporcionada semanalmente polos EIXs da cidade.

-Canles dixitais de interese xuvenil.

-E as Antenas representadas por un/a alumno/a ou grupo de alumnos/as.

- b) Presentando candidaturas de “proxectos de natureza singular” onde o centro poderá presentar un proxecto de aula no que colaboren máis de 2 persoas do alumnado e na que a persoa titular do mesmo sexa docente.

1.5.- Cando nun mesmo centro se presenten á convocatoria un proxecto de natureza singular xunto coas candidaturas de “Antenas” individuais ou conxuntas, na selección terán preferencia os proxectos de natureza singular.

1.6.- A edición 2026-2027 do Programa de Antenas de Información Xuvenil estará comprendida entre os meses de novembro de 2026 e maio de 2027.

2.-	FUNCIÓNS e COMPROMISOS DAS ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL
------------	--

2.1.- As funcións xerais das Antenas de Información Xuvenil son:

- a) Estar en comunicación permanente cos Espazos de Información Xuvenil da cidade.
- b) Manter o espazo informativo e as canles dixitais de información actualizadas semanalmente de forma ordeada a atraente.
- c) Difundir a información de interese xuvenil a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiras/os de centro educativo, etc...
- d) Animar as/os compañeiras/os a participar da información e achegar as inquiredanzas, os intereses, as ideas ou suxestións.

2.2.- Os compromisos xerais das Antenas de Información xuvenil son:

- a) Ter a dispoñibilidade para dedicar o tempo suficiente para o desenvolvemento das funcións de “Antena”.



- b) Asistir ás accións formativas e reunións de coordinación que se convoquen.
- c) Manter en bo estado o material ou ferramentas cedidas polo Concello ou a empresa adxudicataria.

3. CONTRAPRESTACIÓNS

3.1.- A persoa con función de “Antena” obterá as seguintes contraprestacións:

- a) Recibirá a formación en materia de información xuvenil: dinamización da información, xestión de redes sociais, etc.
- b) Solicitar gratuitamente o carné internacional de estudante.
- c) Obter un certificado que acredite a súa participación no programa.
- d) Recibir entradas a eventos organizados ou programados polo Concello da Coruña (concertos, deportes, cine, teatro, etc...).
- e) Compensación económica de 100,00 euros brutos por colaboración educativa sendo efectuada unha vez rematado o proxecto anual. No caso de causar baixa antes da finalización do proxecto en curso non terá dereito a recibir compensación ningunha.
- f) A compensación asignada é por proxecto de Antena, polo que no suposto de que existan 2 persoas no proxecto, a compensación económica sería de 50,00 € para cada unha delas.

3.2.- No caso de **proxectos de natureza singular**, a compensación económica pola participación no programa recaerá no centro educativo e será a mesma que a concedida a un proxecto de “Antena”.

4. REQUISITOS PARA SER UNHA ANTENA DE INFORMACIÓN XUVENIL

O alumnado interesado en participar como “Antena” no Programa de Antenas de información xuvenil deberá:

- a) Ter un mínimo de 15 anos e un máximo de 25 anos, cumpridos a 31 de decembro de 2026.
- b) Estar matriculado nun centro público (IES, CIFP, Escola Oficial de Idiomas, Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e Conservatorio Profesional de Música), ou nun centro concertado con ESO e Bacharelato da cidade que teña asinado un acordo de incorporación ao Programa de Antenas de Información Xuvenil
- c) Presentar unha candidatura de alumnado, de carácter individual ou conxunta (ata dúas persoas)
- d) Non exercer como “Antena” nun máximo de tres cursos.
- e) Non demostrar un incumprimento dos compromisos na participación noutras edicións.
- f) Presentar un permiso da nai, pai ou quen exerza a tutoría legal autorizando a participación no Programa, no caso de ser menor de idade.



5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E OUTRA DOCUMENTACIÓN

5.1.- A convocatoria para o curso académico 2026/2027 ábrese no momento da súa publicación na web dos Espazos de Información Xuvenil: www.coruna.gal/informacionxuvenil. Nesta web tamén pode accederse ao formulario de solicitude e a información sobre o programa.

5.2.- O prazo para presentar as solicitudes comezará o 25 de setembro de 2026 e rematará o 13 de outubro de 2026.

5.3- A documentación a presentar por cada persoa ou grupo que solicita ser “**Antena**” é a seguinte:

- a) Formulario de solicitude debidamente cuberto.
- b) Unha copia do DNI, NIE ou documento acreditativo de identidade.
- c) Nos casos de menores de idade, autorización asinada acompañada da copia do DNI, NIE ou documento acreditativo de identidade da persoa titora ou responsable legal que asine a autorización.
- d) Proxecto, que inclúa:
 - Presentación da/s persoa/s candidata/s (nome/s e curso, gustos e intereses, participación noutros proxectos do centro, experiencia participativa ...)
 - Expectativas e intereses respecto ao programa Antenas de Información Xuvenil.
 - Ideas e propostas de como dinamizar a información no teu centro.
 - A adecuación ao centro, a orixinalidade e a viabilidade.

5.4.- A documentación a presentar polo docente ou persoa responsable do **proxecto de natureza singular** é a seguinte:

- a) Listaxe do alumnado participante no proxecto, recollendo como mínimo os seguintes datos: nome e apelidos, DNI/NIE/Pasaporte, estudos e curso.
- b) Resumo do proxecto de natureza singular proposto para o centro:
 - Obxectivos.
 - Planificación e organización temporal.
 - Tarefas a realizar e distribución entre o grupo de participantes.
 - Medios de difusión e dinamización da información: taboleiro de anuncios, redes sociais, webs, blogs, listas de distribución, redes...
 - Espazos, recursos e servizos aportados polo centro para o desenvolvemento do proxecto.



- Outros datos que considere de interese.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN

6.1.- Cando nun mesmo centro se presenten á convocatoria un proxecto de natureza singular xunto con candidaturas de antenas individuais ou conxuntas, na selección terán preferencia os proxectos de natureza singular.

6.2.- No caso de presentarse máis dunha candidatura de “Antena” individual ou conxunta por centro, a selección virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes criterios de avaliación:

A. TER PARTICIPADO COMO “ANTENA” EN EDICIÓNS ANTERIORES	15 PUNTOS
B. OBTENIR UNHA BOA VALORACIÓN DE TRABALLO DESENVOLTO	ATA 15 PUNTOS
C. ESTAR CURSANDO CURSO ACADÉMICO QUE FACILITE A CONTINUIDADE NO CENTRO EDUCATIVO NO SEGUINTE CURSO	10 PUNTOS
D. EXPERIENCIA PARTICIPATIVA Pertenza das persoas candidatas a algunha asociación, voluntariado, etc.	10 PUNTOS
E. VALORACIÓN DO PROXECTO. Terase en conta a presentación, a estrutura do proxecto, as propostas, a viabilidade, a orixinalidade e a adecuación á realidade	ATA 30 PUNTOS

A ponderación dos criterios B) e E) os determinará a Mesa de Valoración e Selección.

6.3.- No caso de que entre as candidaturas de “Antenas” individuais ou conxuntas presentadas polo centro se atopen empatadas na súa puntuación final, aplicarase, para desfacer o devandito empate, e por esta orde, os seguintes criterios:

- A) Ter participado como “Antena” en edicións anteriores e con boa valoración do traballo feito.
- B) Estar cursando curso académico que facilite a continuidade no centro educativo no seguinte curso.
- C) Experiencia participativa (pertenza das persoas candidatas a algunha asociación, voluntariado, etc)

6.4.- Unha vez realizada a selección, serán os Espazos de Información Xuvenil os que compartan coas “Antenas” seleccionadas, ao inicio do programa, unha pequena proposta de dinamización da información na que tamén se abordará:



- A xestión dos espazos de información xuvenil dos centros educativos.
- A difusión da información xuvenil: ferramentas para a dinamización da información en centros.
- A información virtual: proposta de difusión a través das canles dixitais.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E OUTRA DOCUMENTACIÓN. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

7.1.- A convocatoria para o curso académico 2026/2027 publicárase na web dos Espazos de Información Xuvenil: www.coruna.gal/informacionxuvenil xunto co formulario de solicitude e a información sobre o programa.

7.2.- O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 25 de setembro de 2026 e finalizará o 13 de outubro de 2026.

7.3.- As solicitudes, xunto coa documentación requirida, deberán remitirse ao enderezo electrónico cmix@coruna.gal.

7.4.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes o Servizo competente revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento dos requisitos, así como a presentación da documentación establecida no punto 4 desta convocatoria.

7.5.- No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada, requirirase para a súa presentación nun prazo máximo de tres (3) días hábiles que se contarán desde o seguinte ao da publicación da listaxe de solicitudes admitidas.

7.6.- Para a valoración e outorgamento de puntuación das candidaturas, a concellaría da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade nomeará unha “mesa de valoración e selección” que aplicará o baremo establecido na convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instructor.

Esta mesa estará constituída por:

- Persoal do Servizo de Participación Cidadá e Innovación.
- A animadora sociocultural de Mocidade , ou a persoa en quen delegue.
- Persoal técnico dos Espazos Municipais de Información Xuvenil.

7.7.- O órgano instructor, á vista do informe anterior, formulará proposta provisional de resolución que indicará a listaxe de “Antenas” e “proxectos de natureza singular” seleccionadas e a puntuación outorgada.



7.8.- Desta proposta publicarase un anuncio nos lugares indicados na convocatoria, iniciándose o día seguinte á devandita publicación un prazo de cinco (5) días hábiles para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamación que consideren oportunas respecto á puntuación obtida.

7.9.- Logo de examinar as reclamacións presentadas, a Mesa de valoración e selección realizará un informe final que se elevará ao órgano instructor, que elaborará a proposta de resolución definitiva co nomeamento de Antenas.

8. EQUIPOS E RECURSOS

Todos os proxectos de Antenas terán a súa disposición unha tablet con conexión wifi para poder recibir e distribuir a información en formato dixital. A cesión deste equipo estará vinculada á permanencia no proxecto e á duración anual do mesmo. Unha vez rematada a relación ou proxecto anual, o equipo deberá ser entregado nas instalacións municipais.

Ademais disto, habilitarase un email específico restrinxido ao uso do proxecto no que se recibirán as notificacións.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento

A xefa de departamento de Participación de Xuventude
Cristina Vara Vázquez

A directora de Área de Benestar Social
Lorena Abad Carrera

A concelleira de Benestar Social, Participación e Igualdade
Nereida Canosa Domíngue